



3. DESCRICIÓN DAS OBRAS

As obras consistirán, maioritariamente, na aplicación dunha nova capa de rodadura sobre a existente, moi deteriorada, para o cal previamente haberá que proceder á limpeza das zonas e marxes, e ao bacheado das fochancas. No caso da rúa do Campo, ademais de renovar a capa de rodadura, ampliarase a zona pavimentada incorporando as marxes existentes.

Os asfaltados realizaranse cunha capa de 5 cm de mestura bituminosa en quente, tipo D-12, incluído o rego de adherencia. Nas zonas ampliadas o asfaltado realizarase sobre unha capa de zorra artificial.

Será preciso axustar a cota das tapas das arquetas existentes ao nivel final do novo asfalto. No caso das rúas Patifas e Carlos Maside, será preciso, asemade, realizar unha canaleta de formigón pulido in situ que permita recoller as augas á vez que rebaixar o nivel da zona de rodadura no seu encontro cos bordos das beirarrúas.

4. MEMORIA URBANÍSTICA

O Concello de Pontecesures conta cun plan xeral de ordenación municipal que foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal na sesión realizada o día 27 de xuño de 2003.

De acordo coa ordenación prevista nos planos do PXOM, todas as actuacións se realizarán sobre viais existentes, en terreos cualificados como sistema viario local.

A actuación recollida no presente documento cumpre coas previsións do PXOM para as obras de urbanización de viais (art. 73). Coas ampliacións previstas respectaranse as aliñacións establecidas nos planos de ordenación do PXOM. Estas aliñacións serán comprobadas durante o replanteo da obra.

De acordo co establecido nos artigos 194, 195 e 198 da Lei 9/2002, modificada polas leis 15/2004, 6/2007, 6/2008, 18/2008, 2/2010, 15/2010 e 8/2012, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA):

- *As licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. (art. 195.1)*
- *Exceptúase da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores. Para estes efectos, consideraranse como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e dos servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten o deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase.*

En ningún caso se entenderán como tales os parcelamentos urbanísticos, os muros de contención, as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados e os grandes movementos de terra. (art. 195.3)